

## O TEMPO TEN A PALABRA

Levo quince anos orfo de ti, pai, pero trinta e catro guiado pola túa constante presenza. A herdanza da túa memoria é fonte dun inesgotable manantío de aprendizaxe e agarimo. Este sentimento íntimo transfórmase en compartido en Paradela unha vez máis. Nesta “*terra que vai dende o Toural ó Miño*” materialízase o milagre da túa pervivencia. Setenta anos de amor correspondido entre ti e a terra que te viu nacer e da que agora formas parte, fixérono posible. Ti ben sabías que “*a inspirada palabra do poeta fai milagres*”, que “*il pode, sen esforzo, doadamente, / escolmar a bondade, / ollar a fermosura / sentir no máis profundo / o latexar da ialma*”. Agora tamén sabes que na capital espiritual da túa Galicia ideal abundan os poetas. Poetas que saben recoñecer e fomentar unha actitude vital que está ó alcance de todos e que ti tan ben practicaches: camiñar pola vida facendo ben, contribuir á cultura do noso pobo, sementar agarimo, promover a amizade e o amor á Terra.

Foi máis de medio século de emigración, pai, pero a emigración rematou. Levas xa dez anos asentado definitivamente no teu berce natal. Quen che diría que, co tempo, poderías traballar na túa casa paradelense axudando a espallar a cultura creada por escritores novos e consagrados. E ademais co título de Fillo Predilecto e descansando, tra-lo traballo diario, no Panteón de Galegos Ilustres do teu Concello. Porque é certo que segues a traballar tódolos días. O teu espírito érguese cedo, como en Barcelona, e diríxese dende San Miguel á Casa Cultura tras admira-lo Cruceiro e gozar dos aires de Paradela que, como dicías en vida, rexuvenecen o espírito. E qué mellor traballo, volto xa da emigración, que o de ser impulsor da creación literaria, escritor na memoria dos teus conveciños, embaixador de Paradela no mundo a traveso do certame literario que leva o teu nome.

As túas sementes xerminan vizosas. O teu primeiro neto cumpriu xa seis anos, os mesmos que ti tiñas cando te levaron a eidos lonxanos. Cánta razón téns en dicir que “*a roda do tempo non cansa ni acouga*”. A historia de Xaniño repítese novamente. O alcumado “Shangai” transformouse nun moderno avión e a aldea nunha cidade, pero a esencia do ansiado reencontro é a mesma. Nembargantes, o tempo non pasou en valde. A túa experiencia transmitida na historia é un facho que alumea o noso camiño.

Carlos xa adprendeu “*inglés e castelano, pero sen renegar do idioma patrio*”. Certamente o teu consello paternal é o resultado dunha reflexión feita tamén por outros. Porque, no extranxeiro, tamén hai persoas que “*adprenden idiomas, dous, tres ou catro*”, incluíndo a fala dos galegos. Hai uns días, un insigne científico norteamericano, o Profesor Newton Morton, leu o teu libro *Reencontro coa aldea*. A súa gabanza dos teus contos de Paradela quedaría tan só nun acto de cortesía de non ser pola síntese que fixo ó destacar dúas verbas descoñecidas para el na forma, pero das que deduciu o significado polo contexto: Xan e trasno. Dúas verbas galegas (diferenciadas do idioma portugués que el domina), cunha identidade propia que reflexa a historia dun pobo. Dúas verbas galegas que ti fixeches eixes dunha mensaxe sinxela e fonda.

Paréceme escoitarte dicíndome de pequeno que a diversidade é riqueza. Co tempo coincido máis e máis co teu pensamento que deixaches transformado en verbas: “*O patrimonio que nos legaron os nosos devanceiros, debemos conservalo... Galicia, sen a fala propia, sen os castros, sen os pazos e mosteiros, sen o ritmo e sensibilidade musical que perduran nos máis alonxados recunchos da nosa Terra, sen as tradicións e costumes*

*que se atopan, a pouco que se arrebuñe, no sentir das nosas bisbarras, Galicia, sen patrimonio artístico autóctono, sería un territorio orfo de Historia.”*

Moitas persoas entenden e comparten a túa filosofía neste e noutros aspectos da vida. Algunha delas xúntanse ano tras ano na entrega de premios do Certame Literario de Paradela. Pero necesitamos máis tempo. Necesitamos tempo para descifrar a túa mensaxe por completo. Unha mensaxe elaborada a partir da cultura popular na que existen dous elementos centrais: os vellos e os nenos, que representan a historia e o futuro, respectivamente. A historia e o futuro que se transforman en poesía nas mans dun neno. Un neno pode deducir realidades que os adultos non vemos, e tal vez non vexamos ata revivir a nenez na nosa vellez. Realidades como as presentes no dibuxo que te adica o teu neto Carlos, un novo Xaniño. El deduciunas ó interpretar unha fotografía túa escribindo na que non había libros presentes. Xa sabemos “*onde atopar a poesía*”. O camiño está comezado pero necesitamos máis tempo para saber interpretala. O tempo ten a palabra.



M. A. U. de L. p. d. g. u. e. z. b. r. o. s. e. z.

Neto seu neto Carlos  
Southampton 19.11.05 Inglaterra



**Santiago Rodríguez López**  
Novembro de 2005